

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE PLENOS NON REMATADOS

PLENO 31 XANEIRO 2013. ACTA 2/2013

Nos últimos meses é habitual que nos plenos ordinarios non dea tempo a tratar todos os puntos da orde do día que teñen que ver coas actividades de control do pleno; quedando así para o pleno do mes seguinte numerosos temas, o que conleva que no pleno seguinte volva a pasar o mesmo, chegando a situacións nas que diversos puntos da orde do día dun pleno trátanse dous meses despois de que foran presentados.

Para solucionar esta situación a AGRUPACIÓN DE ELECTORES DE REDONDELA propón a tódolos grupos do pleno o seguinte ACORDO:

Cando nun pleno ordinario non se rematen todos os puntos da orde do día, convocarase un pleno extraordinario, co fin de rematalos, para o xoves seguinte á mesma hora.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria aproba a moción sendo once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.) e dez votos en contra (10 do PP), de modo que se acorda que cando queden asuntos sen tratar no mesmo pleno ordinario decidirásese entre os voceiros os asuntos a tratar e a data da seguinte sesión a fin de rematar os temas pendentes.